

Guía sobre as probas de acceso a 1º Curso de Grao Elemental ¹

Acceso ao curso 2023/24

- PRAZOS E DATAS

No documento *Prazos e datas de interese do acceso a 1º Curso de Grao Elemental*, publicado na web do centro, poderase consultar a información ao respecto.

- DESENVOLVEMENTO DA PROBA

O alumnado será convocado en grupos reducidos, atendidos en todo momento por profesorado do centro, para a realización dos exercicios ao longo dunha única xornada por aspirante.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de documento identificativo (DNI ou libro de familia).

Na proba realizaranse varios exercicios de dificultade crecente para a mellor valoración dos aspirantes. Co fin de orientalos con respecto ao desenvolvemento e contidos da proba, e para que poidan enfrontarse a ela coa maior tranquilidade posible, o centro ten dispoñible na súa web un vídeo titorial con exemplos de exercicios prácticos de baixa e media dificultade.

- CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Contidos	Valor	Descrición	Criterios de avaliación
Aptitude rítmica	1/3	O aspirante deberá repetir varios fragmentos rítmicos realizados con palmas polo profesor/a	Capacidade de concentración Memoria auditiva Exactitude na repetición rítmica.
Aptitude auditiva e vocal	1/3	O profesorado entoará varios fragmentos melódicos que o aspirante deberá repetir	Capacidade de concentración Memoria auditiva Exactitude na afinación e corrección na repetición melódica.
Aptitude psicomotriz	1/3	Avaliaranse as aptitudes psicomotrices a partir da escoita e visualización de fragmentos de percusión corporal que o aspirante deberá repetir	Memoria visual e psicomotriz Coordinación espazo-temporal Imitación psicomotriz pasiva e activa Coordinación dos membros superiores e inferiores, lateralidade e concordancia entre o ritmo sonoro e o xesto.

¹ **Lexislación aplicable:** Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Procedemento de admisión aprobado pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa o 23 de abril de 2013. Procedemento para optar ás prazas de reserva por minusvalía aprobado polo Consello Escolar en reunión do 8 de maio de 2013.

Ningún dos exercicios ten carácter eliminatorio. Os criterios de avaliación serán considerados tanto de xeito individual como globalmente no conxunto da proba.

- **CUALIFICACIÓN DA PROBA**

A proba de acceso cualificarase globalmente de 1 a 10 puntos, ata un máximo de 1 decimal, debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

- **ADXUDICACIÓN DAS VACANTES**

Para a adxudicación das vacantes sumárase á cualificación da proba a seguinte puntuación en función da idade do/a aspirante (anos cumpridos ou por cumprir no presente ano natural).

Idade	8	9	10	11	12	13	14
Puntuación	1,6	1,2	0,8	0,5	0,3	0,1	0

En caso de empate numérico, será elixido o aspirante de menor idade.

As prazas de cada unha das diferentes especialidades asignaranse tendo en conta unicamente a especialidade solicitada no formulario de inscrición da proba.

2ª ADXUDICACIÓN: no caso en que unha ou mais prazas resulten vacantes, estas serán ofertadas aos aspirantes que superasen a proba pero non obtiveran praza na especialidade instrumental solicitada inicialmente. Farase mediante chamamento telefónico seguindo a orde establecida na lista de agarda xeral que se publicará para tal fin. Ditos aspirantes poderán optar por manterse na lista de agarda do instrumento inicialmente seleccionado ou escoller algunha das prazas vacantes de outras especialidades. No caso de optar por unha destas vacantes perderase o dereito de preferencia sobre a lista de agarda da especialidade inicialmente solicitada no formulario de inscrición da proba.

3ª ADXUDICACIÓN: unha vez rematada a matrícula de todo o alumnado e en función das necesidades e posibilidades do centro, poderanse ofertar novas vacantes en algunha especialidade. Nese caso a adxudicación, que tamén se fará por chamamento telefónico, realizarase tendo en conta a lista de agarda de cada especialidade. No caso de non existir ou estar esgotada seguirase a orde establecida na lista de agarda xeral. Esta adxudicación farase previsiblemente no mes de xullo e/ou setembro.

- **PROCEDEMENTO PARA OPTAR ÁS PRAZAS DE RESERVA POR DISCAPACIDADE**

Na inscrición para as probas de acceso deberase acreditar a condición e grao de discapacidade mediante a documentación pertinente.

O centro adaptará o procedemento da proba ás circunstancias dos/as candidatos/as na medida das posibilidades. En ningún caso se adaptarán os contidos dos exercicios a realizar, xa que deberán ser iguais para todos os aspirantes.

A adjudicación de prazas por discapacidade non poderá superar o 10% do total das prazas ofertadas.

- **OBSERVACIÓNS**

O alumnado do centro que queira cursar outra especialidade deberá presentarse ao acceso nun curso diferente a 1º. Polo tanto, ningún alumno do centro poderá concorrer ás probas de acceso de 1º GE.

Calquera actualización ou modificación con respecto as datas ou ao desenvolvemento da proba que por indicación das autoridades pertinentes se deba realizar será comunicada aos aspirantes mediante publicación na páxina web do centro e/ou comunicación directa cos mesmos.